

Responsabilidade social empresarial ou Responsabilidade social corporativa

Concepto e ámbitos

Responsabilidade social da empresa

- No pasado, as empresas tiñan interese exclusivo en aspectos económicos e de beneficios.
- Pero ...
 - ¿Deben as empresas limitarse a respectar a lei ou, ademais, deben adoptar unha postura ética e responsable?
 - Por unha parte a sociedade pídelle ás empresas que actúen ben, pero por outra, o mercado é implacable coas empresas ineficientes.

Responsabilidade social da empresa

- A visión clásica: os negocios son os negocios.
- A visión da ética dos negocios ou da RSE: A falta de ética é ineficiente e aumenta os custos.



Dimensión interna, cara os traballadores da empresa

Por exemplo como:

- Contratar a minorías,
- Loitar contra a discriminación,
- A formación permanente,
- Conciliación familiar,
- Prevención de riscos,
- Respecto dos dereitos humanos,
- ...

Dimensión externa

- Cara os socios económicos: os **consumidores** e **clientes** e os **provedores**, como:
 - Crear produtos útiles para a sociedade.
 - Fomentar unha comunicación fluída cos socios.
 - Implantar principios éticos nas políticas de compras e en materia de comercialización e publicidade, así coma nos dereitos dos consumidores.
- Cara as **comunidades locais**: patrocinio de actividades deportivas ou culturais, doazóns para obras de beneficencia,...
- Cara ao **medioambiente**: garantir a continuidade ou o desenvolvemento sostible.